



CIRCULAR LU02/2017

- Aos atletas, adestradores e clubes

CONTROL DE MARCAS

21 de xaneiro do 2.017

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **Control de Marcas**, o sábado 21 de xaneiro, en xonada de mañá e tarde do sábado, no *Módulo Cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera*, colabora o **Exmo. Concello de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do xoves anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un e-mail a fgatletismolugo@gmail.com antes do xoves 11 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 4. As **listas de saídas e atletas admitidos** publicaranse na web da delegación: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> o venres, anterior as probas, pola tarde.

Art. 5. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 45 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 7. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
SABADO MAÑA		
	11:00	Lonxitude (cad a sen) Táboa 3 metros
Salto con Pértega Mínima = 2 metros	11:30	Salto con Pértega Mínima = 2 metros
Salto de Altura Mínima = 1,25 metros		Salto de Altura Mínima = 1,25 metros
Lonxitude (cad a sen) Táboa 3 metros	12:30	
SABADO TARDE		
	16:00	Lonxitude (cad a sen) Táboa 3 metros 12 mellores marcas inscritos
Salto con Pértega Mínima = 3,20 metros	16:45	Salto con Pértega Mínima = 3,20 metros
Lonxitude (cad a sen) Táboa 3 metros 12 mellores marcas inscritos	17:15	
	18:30	Triple Salto (cad a sen)

Art. 8. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 16 de xaneiro do 2.017

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo